

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/36	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	07 de decembro de 2022
Duración	Dende as 13:18 ata as 13:30 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 30.11.2022	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 30 de novembro de 2022.	

Expediente 1740/2022. Solicitude de Prestación de Servizos Sociais Solicitude de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a emerxencia humanitaria que se está vivindo por mor do conflito bélico da Ucraína.

Visto que hai familias que se están asentando no Concello de Silleda, realizando os trámites oportunos de acordo á súa condición de persoas refuxiadas.

Visto o establecido na normativa vixente respecto da documentación a tramitar para con estas familias.

Visto o informe da educadora social, con data 29 de novembro, no que se indica o necesario traslado ás dependencias policiais de Santiago para tramitación de documentación de varias persoas.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Silleda a Pontevedra no EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández), ás seguintes persoas:

- T.P, e o seu fillo menor A.P.

Segundo.- Aprobar a factura 48/22 por importe de 50,36 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández) polo concepto da cuantía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 867/2020. Licenza ou Autorización Urbanística. PRIMEIRA UTILIZACION

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.- Por **Javier Muíños da Pena**, con **DNI*******, actuando en nome e representación de **INTEGRACIONES MUIÑOS SL**, con **CIF B94116001**, presentouse escrito o día 15/06/2020, polo que se solicita licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DUNHA FOSA DE XURRO**, sita na finca chamada "**Paraxe das Quenturas**", no **Monte de Cornoa**, Siador que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. **36052V501000350000ML**).

Aporta **proxecto técnico** elaborado polo técnico **Carlos Dafonte Dieguez**, colexiado número 1287 como enxeñeiro técnico agrícola, visado en data 02/06/2020 co número 20200155.

2º.- Consta no expediente **autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias** de data 26/11/2020.

3º.- En data 07/12/2020, emítase **informe pola subdirección xeral de Extinción na Dirección Xeral de Defensa do Monte**.

4º.- Consta incorporada a este expediente **documentación acreditativa da autorización ambiental integrada** (número de rexistro AAI: 2006/397_NAA/IPPC_056) da explotación porcina con capacidade para 4.000 porcos de ceba.

5º.- Consta no expediente **informe do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil**, de data 09/12/2020, no que consta que: "*Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:*

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe."

6º.- En data 10/12/2020 **requíreselle ao interesado a cumprimentación de trámites**.

7º.- **O interesado emenda as deficiencias** observadas por medio de documentación presentada en data 10/12/2020.

8º.- Remítese dende a **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático** en data 11/12/2020 (RE 5076/2020) informe de data 10/12/2020.

9º.-Consta no expediente **informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil**, de data 11/12/2020, recollido no seu punto 16 *“Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Construción de fosa de xurro** solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.”*

10º.-Consta no expediente **informe xurídico favorable** emitido pola Secretaria do Concello no seu momento, María Fernanda Montero Parapar, con fecha 14/12/2020 sobre a solicitude de licenza urbanística para construción da fosa de xurro.

11º.-Consta no expediente que a **Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda** do día 14 de decembro de 2020 **adoptou**, entre outros, o **acordo** de **“Conceder licenza urbanística a INTEGRACIONES MUIÑOS SL**, con CIF B94116001, **para a execución CONSTRUCCIÓN DUNHA FOSA DE XURRO**, sita na finca chamada **“Paraxe das Quenturas”**, no Monte de Cornoa, Siador que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. **36052V501000350000ML**).”

12º.-A **Consellería competente en materia de Medio Ambiente** tramitou a **renovación da autorización ambiental integrada 2006/397_NAA/IPPC_056** e **instou ao promotor á execución da ampliación das foxas** para ter capacidade de almacenar o xurro durante un período de 6 meses, proxecto que tivo licenza municipal antes mencionada. (Consta no expediente a *Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, sostibilidade e Cambio Climático, pola que SE MODIFICA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2006/0397_NAA/IPPC_056*)

Posteriormente, tras o remate da revisión da autorización ambiental integrada **resólvese que a foxa proxectada e licenciada non é suficiente** para almacenar o xurro de 6 meses, **elaborándose entón un proxecto modificado**.

13º.-Consta no expediente o **Proxecto técnico** elaborado polo técnico Carlos Dafonte Dieguez, colexiado número 1287 como enxeñeiro técnico agrícola, visado na data 29/11/2021 co número 20200155.

14º.-Consta no expediente a **autorización de Medio Rural** emitida o 11/02/2022 polo xefe de Sección de Estructuras Agrarias e Obras no que establece o seguinte *“É polo que, por parte deste Servizo, dentro das súas competencias e sempre que o solicitante teña título suficiente para a súa pretensión, **non existe motivo para opoñerse á obra solicitada**, polo que se **informa favorablemente**, o que non exixe doutras autorizacións, licenzas ou informes preceptivos necesarios para executalas”*.

15º.-Consta no expediente o informe do Arquitecto Técnico Municipal, **Lino Manuel Doporto Framil**, con data 30 de xuño de 2022 no que fai constar que *“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Construción de fosa de xurro (proxecto modificado) solicitada**, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados no punto 17. deste informe e que constan no expediente 867/2020, se ben para o inicio da actividade e con posterioridade á concesión de licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, xunto con toda a documentación regulamentaria. Por outra banda, para a concesión da licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será necesario aportar certificado de impermeabilidade da foxa asinada polo técnico director da mesma.”*

16º.-Examinada a documentación que lle acompaña en relación coa modificación da licenza de obra maior para a execución da obra: Construción de fosa de xurro (proxecto modificado) en Fonte das Quenturas – Siador, parcela con referencia catastral 36052V50100035, solicitada por INTEGRACIONES MUIÑOS, S.L., emítese **informe xurídico favorable** por parte da Secretaria do Concello nese momento, Lucía Artime Alonso, no que se fai constar que *“**infórmase favorablemente a concesión da licenza**, debéndose proceder a conceder a licenza de obras solicitada con suxeición ás condicións xerais establecidas na lexislación vixente e especiais que se indican no informe dos servizos técnicos”*.

17º.-Consta no expediente que a **Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda** do día 21 de xullo de 2022 **adoptou**, entre outros, o **acordo** de **“Conceder licenza de obras** solicitada a **INTEGREGACIONES MUIÑOS SL**, con CIF B94116001, para construción de fosa de xurro (**proxecto modificado**) en Fonte das Quenturas – Siador, parcela con referencia catastral 36052V50100035, segundo o sinalado no informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30 de xuño de 2022 anteriormente mencionado (punto 15 do presente informe).

18º.- Consta no expediente o **CERTIFICADO FIN DE OBRA** da construción da fosa de purin (proyecto modificado-visado nº PO-20200155), asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Colegiado Nº 1287, Carlos Dafonte Diéguez, o 13 de xuño de 2022 (*Visado nº 20220564- Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Agrícolas de A Coruña-Pontevedra firmado por ***4884** RAFAEL JOSE MUIÑOS (R:****1003*) el día 14/06/2022 con un certificado emitido por AC Representación*).

19º.-Consta no expediente o **CERTIFICADO DE ESTANQUEIDAD Y VOLUMEN DE LA FOSA DE RECIENTE CONSTRUCCIÓN**, firmado por Carlos Dafonte Diéguez, Enxeñeiro Técnico Agrícola, adscrito o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Pontevedra e A Coruña, colexiado nº 1.287, residente en Lalín, o 4 de xullo de 2022 no que CERTIFICA que: *“La fosa de reciente construción en la explotación de porcino, perteneciente a Integraciones Muiños con CIF.- B-94.116.001 y situada en Fonte das Quenturas, parroquia de Siador, concello de Silleda. A fecha del presente informe se encuentra en buen estado y no se detectaron deficiencias constructivas en la misma, por lo que la fosa es impermeable y estanca siendo válida para el almacenaje de los purines de la explotación:*

- Volumen fosa: 22,00x16,00x4,00 (interiores) = 1.408 m3

*Con una capacidad útil total de 1.408 m3 para el almacenamiento del purín.
Firma la presente en Lalín a julio de 2.022”*

20°.-Visto a solicitude de primer uso/ ocupación/ utilización de Javier Muiños Dapena, con DNI 76815566-M, en representación de INTEGRACIONES MUIÑOS S.L. con NIF B94116001, presentada o 26 de xuño de 2022.

21°.-Consta **informe favorable do arquitecto municipal**, Lino M Doporto Framil, asinado o 17/11/2022, no que se di que:

-se comprobou a adecuación da obra e instalacións ao proxecto de obras que serviu de base para a concesión da licenza de obras nomeada, así como á legalidade urbanística, ás normas de edificación e construción.

-non se observan supostos de infracción urbanística, cumprindo a edificación cos requisitos esixidos na normativa sobre condicións de habitabilidade (salubridade, seguridade, ornamentación...) de aplicación no Concello, e en concreto as determinacións recollidas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

-considérase que a edificación resulta apta para ser ocupada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

“3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, **deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.**

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración”.

SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE.

A actividade obxecto da presenta licenza someteuse a avaliación de incidencia ambiental con carácter previo a tramitación da licenza urbanística.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

“Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente”.

Do mesmo xeito se pronuncia o artigo 24 e o artigo 33 Avaliación de incidencia ambiental da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia,

- 1.As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.*
- 2.Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarase a comunicación previa contemplada no artigo 24 da presente lei ante o concello respectivo, na que, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:*
 - a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.*
 - b) Declaración de incidencia ambiental.*
 - c) Certificación do/a técnico/a ou os/ as técnicos/as facultativos/ as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.*
- 3.Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.*

Visto que realizada visita técnica de comprobación de data 15 de novembro de 2022.

Visto o Informe técnico emitido na data 17 de novembro de 2022

Visto o informe xurídico da Secretaria da Corporación, de data 06 de decembro de 2022

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a **INTEGRACIONES MUIÑOS S.L.** , con CIF N° B94116001, **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN**, , unha vez comprobado que as obras de reforma e ampliación se axustan ao proxecto obxecto da licenza urbanística concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda** do día 21 de xullo de 2022 no que se **adoptou**, entre outros, o **acordo** de **“Conceder licenza de obras** solicitada a **INTEGRACIONES MUIÑOS SL**, con CIF B94116001, para construción de fosa de xurro (**proxecto modificado**) en Fonte das Quenturas – Siador, parcela con referencia catastral 36052V50100035, segundo o sinalado no informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30 de xuño de 2022”.

SEGUNDO.- Requirir ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade

presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios polo importe que corresponda en virtude do establecido no artigo 5 da ordenanza municipal.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

FOD - Expediente 1069/2022. Contratacións. “MEJORA CAMINO MUNICIPAL EN PIÑEIRO”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1069/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 07 de decembro de 2022.

Expediente 1069/2022. Contratacións. “MEJORA CAMINO MUNICIPAL EN PIÑEIRO”

Visto que por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL preséntase escrito con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1439, de data 05 de decembro de 2022, solicitándose unha prórroga de 15 días para a finalización dos traballos da obra “MEJORA CAMINO MUNICIPAL EN PIÑEIRO”, trasladando ó 21 de decembro de 2022 o final efectivo dos traballos de execución, debido as condicións metereolóxicas das últimas semanas que non foron propicias para o correcto desenvolvemento e execución dos traballos, non permitindo a súa terminación no prazo establecido.

Visto que por Román Gómez Fraiz, Director da mencionada obra emítese informe, Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1442, de data 5 de decembro de 20022, emítese informe favorable a prórroga solicitada.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1º.- Conceder a CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL para a finalización da obra "MEJORA CAMINO MUNICIPAL EN PIÑEIRO" unha prórroga de 15 días, debendo estar rematados os traballos de execución o 21 de decembro de 2022.

2º.- Notificar esta acordo ó director de obra e a empresa adxudicataria da mesma.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE